

Pola permanencia dos castiñeiros de indias no Parque da Xunqueira

O BNG ven reiterando, nos derradeiros anos, con iniciativas perante o Pleno ou dirixidas á Alcaldía a súa preocupación pola grave situación de degradación que amosan a ringleira de **castiñeiros de indias** do Parque da Xunqueira próximos ao río.

Así, no pasado mes de decembro, en resposta á petición cursada polo grupo do BNG ao Sr. Alcalde o 12 de setembro de 2005; recibimos resposta acompañada de informe técnico, a súa vez soportado polos resultados dunha análise feita pola estación fitopatolóxica do Arriero; no que sinteticamente se di: *“Que dende hai oito anos os castiñeiros comezan a dar síntomas negativos tales como perda de masa vexetal, zonas necróticas, etc.; que fan que as árbores vaian secando”*.

Sinalan como factor desencadéante da triste situación na que se atopan estas árbores, as actuacións que se levaron a cabo no entorno da ringleira de castiñeiros cando se arranxou a vella Xunqueira para transformala no actual Parque (apertura de zanja a todo o longo da ringleira cortando tódalas raíces que as árbores tiñan de cara ao río, colocación de paseo con enlousado...).

Ámbolos dous técnicos, asinantes dos informes, afirman que a situación desta ringleira de árbores é irreversible, que secan e seguirán a secar, chegando incluso algún dos técnicos referidos a propoñer un plan de substitución.

Por todo isto, o **Grupo Municipal do BNG** propón que polo Pleno da Corporación se adopte o seguinte ACORDO:

Declarar a vontade de manter o patrimonio natural e paisaxístico que, no Parque da Xunqueira, representan as árbores de vida superior aos 70 anos que conforman a ringleira de castiñeiros de indias, adoptando as medidas que resulten precisas a tal fin, incluído un plan de substitución ou resituación das novas árbores coa realización de plantación o antes que fose posible.

Vilagarcía, 14 de febreiro de 2006

Xosé Castro Ratón

SR. ALCALDE – CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA